

## TRABAIO SOBRE O SANGUE . REPASO O CORPO HUMÁN 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

Ola alumnas: Sabela, Laura, Antía espero que vos atopedes moi ben.

Non seguimos avanzando temario, e o que si imos facer é un traballo sobre o sangue para ampliar o tema do corpo humano , as súas funcións, os seus aparellos...

Tedes que facer o que vos indico e mandarme dito traballo resolto o meu correo, completando ou enviando fotos. Tedes ata o 5 de Xuño

Ánimo e veña que xa queda pouco.

Mira o video:

<https://www.youtube.com/watch?v=QgfrTJsNszg>

Le o texto:

Funcións vitais: o corpo humano. A importancia de doar sangue

O sangue é un tecido líquido de consistencia viscosa que flúe a través do organismo por un circuíto pechado formado polo corazón e os vasos chamados arterias, veas e capilares.

O sangue é imprescindible para a vida, polo que si se perde moito sangue ou se alteran os seus compoñentes, ou alguna das súas funcións , a saúde dunha persoa pode correr perigo. Nestes casos as transfusións sanguíneas son indispensables.

Como non existe un substituto artificial do sangue, xa que este non se pode fabricar, a única maneira de conseguilo é mediante a doazón voluntaria e altruista de persoas solidarias.

Contesta estas preguntas:

1. Que é o sangue?
2. Podrías doar sangue coa túa idade?
3. Que significa a expresión doazón “voluntaria e altruista”? Busca no diccionario ..

4. Pregunta a túa familia si algún membro é doante de sangue. Explica porque cres que algunhas persoas son doantes de sangue.

5- De todas as función vitais , en cal delas é o sangue o elemento con maior implicación en todos os seus procesos? Pensa e contesta

6-Cantas substancias transporta o sangue polo corpo humán?

7- Onde se produce o sangue?

8- Cal é o teu grupo sanguíneo? Preguntalle os teus pais

9- Que é unha transfusión?

10- Elabora un cartel publicitario para concienciar sobre la donación de sangre